



DATOS IDENTIFICATIVOS

Planificación estratéxica

Materia	Planificación estratéxica			
Código	004M181V01105			
Titulación	Máster Universitario en Xestión empresarial do deporte			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Carlos Villamarín, Pablo de			
Profesorado	Carlos Villamarín, Pablo de García García, Óscar Martínez Lemos, Rodolfo Ivan Sánchez Fernández, Patricio Tourinho González, Carlos Francisco			
Correo-e	pdecarlo@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición xeral	Neste módulo presentaranse os cimentos sobre os que se teñen que construír os plans estratéxicos nas entidades deportivas e exporanse exemplos concretos. Así, mostraranse cales poden ser as estratexias a desenvolver en distintas organizacións relacionadas co deporte para alcanzar os obxectivos marcados. Finalmente, mostrarase como empregar a Responsabilidade Social Corporativa (RSC) para levar a cabo os plans das entidades deportivas.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
B1	Capacitar ao alumnado para a administración e dirección de todo tipo de entidade ou organización deportiva
B2	Favorecer o contacto directo co sector deportivo
B3	Ofrecer unha visión integradora dos distintos subsistemas que configuran o sistema organización/empresa no sector deportivo
B4	Coñecer e comprender a evolución do deporte dende o seu compñente económico-empresarial
C1	Especializarse na xestión empresarial do sector deportivo, tanto na súa vertente pública como privada
C2	Coñecer a importancia do xestor deportivo e o seu amplo abano de ocupación: clubs deportivos, federacións, xinacios, instalacións deportivas, padroados de deportes, empresas privadas, administracións públicas, etc...
C3	Ofrecer aos profesionais da xestión deportiva novos métodos de traballo aplicables á súa actividade laboral.
C7	Valorar a partir dos rexistros relevantes de información a situación e previsible evolución dunha empresa
C9	Coñecer a relación entre a empresa e a súa contorna avaliando a súa repercusión na estratexia, comportamento, xestión e sostenibilidade empresarial
D1	Capacidade de traballo nos diferentes contextos do ámbito deportivo de forma autónoma e con iniciativa.

D2	Capacidade de traballo en equipo, desenvolvendo habilidades de liderado e de relación interpersoal.
D3	Capacidade para traballar en ambientes de presión.
D4	Capacidade de aplicar o coñecemento á práctica.
D5	Compromiso ético e de responsabilidade social.
D6	Habilidades de comunicación verbal e non verbal.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Determinar cales son os alicerces estratéxicos nas organizacións deportivas.	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 B4 C1 C2 C3 C9 D1 D2 D3 D4 D5 D6
Elaborar plans estratéxicos para organizacións deportivas.	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 C1 C2 C3 C7 C9 D1 D2 D3 D4 D5 D6
Descubrir as liñas estratéxicas diferenciais para distintos deportes: fútbol, baloncesto, balonmán e outros deportes.	A1 A2 A3 A4 A5 B1 B2 B3 C1 C2 C3 C9 D1 D2 D3 D4 D5 D6

Preparar plans de Responsabilidade Social Corporativa (RSC) que contribúan á consecución dos obxectivos A1 das organizacións deportivas.

A2
A3
A4
A5
B1
B2
B3
C1
C2
C3
C9
D1
D2
D3
D4
D5
D6

Contidos

Tema	
I. Plans estratéxicos nas organizacións deportivas.	1. Fundamentos teóricos básicos da dirección e a planificación estratéxica. 2. Aplicacións prácticas do deseño de plans estratéxicos: Federacións e Clubs deportivos.
II. Liñas estratéxicas en diferentes deportes: fútbol, baloncesto, balonmán e outros deportes.	1. Planificación estratéxica desde as institucións públicas: CSD, CCAA e Concello. 2. Extensións da análise estratéxica aplicado ao deporte.
III. Responsabilidade Social Corporativa en entidades deportivas.	1. Revisión de diferentes aspectos da relación entre Responsabilidade Social Corporativa e deporte.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	13	10	23
Debate	2	0	2
Eventos científicos	3	0	3
Estudo de casos	20	15	35
Traballo	0	40	40
Exame de preguntas obxectivas	1	20	21

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Debate	Charla aberta entre un grupo de estudantes. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...
Eventos científicos	Conferencias realizadas por ponentes de prestixio, que permiten profundar ou complementar os contidos da materia.
Estudo de casos	Análise dun feito, problema ou suceso real coa finalidade de coñecelo, interpretalo, resolvelo, xerar hipótese, contrastar datos, reflexionar, completar coñecementos, diagnosticalo e adestrarse en procedementos alternativos de solución.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudo de casos	Atención das consultas do alumnado relacionadas cos casos abordados na aula. Desenvolverase de forma presencial (directamente na aula) ou de forma non presencial (a través do correo electrónico).
Probas	Descrición

Traballo	Atención das consultas do alumnado relacionadas cos traballos propostos na materia. Desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico).
Exame de preguntas obxectivas	Atención das consultas do alumnado relacionadas coa preparación das probas de tipo test. Desenvolverase de forma non presencial (a través do correo electrónico).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
			A1	B1	C1	D1
Traballo	Realización de traballos e actividades similares correspondentes ao Bloque I (35% da nota) e ao Bloque II (35% da nota).	70	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4	C1 C2 C3 C7 C9	D1 D2 D3 D4 D5 D6
Exame de preguntas obxectivas	Realización dun exame escrito de tipo test relativo aos contidos teóricos impartidos ao longo das sesións de clase.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3 B4	C1 C2 C3 C9	D5

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado poderá elixir ser avaliado mediante o sistema de **Avaliación continua** (AC), ou alternativamente optar por unha proba de **Avaliación Global** (AG).

A avaliación por defecto é a AC.

O alumnado poderá elixir AG segundo o procedemento e o prazo establecido polo Centro. A elección de AG supón a renuncia ao dereito de seguir avaliándose mediante as actividades de AC que resten e á cualificación obtida ata ese momento en calquera das probas que xa tiveron lugar.

-- **Avaliación continua.** En caso de non renunciar á avaliación continua:

Neste caso o alumnado deberá realizar o conxunto de actividades e probas de avaliación descrito no apartado precedente que valerán o 35%, 35% e 30% da nota respectivamente.

É necesario alcanzar un mínimo de 3.5 (sobre 10) en cada proba (en cada un dos traballos e actividades e no exame de tipo test) para poder compensala e superar a materia.

Os alumnos que non superen a materia na primeira oportunidade, teñen dúas opcións:

- Realizar un exame na data oficial establecida pola Coordinación do Máster para os exames correspondentes á segunda oportunidade (mes de xullo), que supoñerá o 100% da cualificación. Mediante este exame, avaliaranse todas as competencias da materia.

- Conservar a nota obtida nos traballos e actividades do Bloque I e/o do Bloque II (35% cada un) e/o na proba de tipo test (30%), sempre que sexa superior a 3.5 (sobre 10) e realizar, unicamente, as probas nas que non alcanzaron a nota mínima de 3.5 (sobre 10). É necesario alcanzar un mínimo de 3.5 (sobre 10) en calquera das probas para poder compensala e superar a materia. No caso de que as notas dos traballos e actividades de cada Bloque e do exame tipo test na primeira oportunidade sexan superiores ao mínimo de 3.5 pero a nota global na primeira oportunidade non alcanzase os 5 puntos, o alumno deberá realizar o exame de tipo test (30%) na data oficial establecida pola Coordinación do Máster para os exames correspondentes á segunda oportunidade. Será suficiente alcanzar un mínimo de 5 (sobre 10) nesta proba para superar a materia (en tal caso, se a puntuación total é inferior a 5, a cualificación en actas será 5).

Se, en calquera das dúas oportunidades, non se aproba a materia por non alcanzar o mínimo nalguna proba, e a puntuación total é igual ou superior a 5 (sobre 10), a cualificación en actas será 4.9 (sobre 10).

Para poder ser avaliado por este sistema hai que asistir polo menos ao 75% das horas de docencia presencial.

-- **Avaliación global.**

O alumnado será avaliado mediante unha proba teórico-práctica na data oficial fixada no calendario de exames da Facultade. Esta proba representa o 100% da nota.

No suposto de non superar a nota en primeira oportunidade, o alumnado poderá ser avaliado de novo na segunda oportunidade a través dunha proba teórico-práctica na data oficial fixada no calendario de exames do Master. Esta proba

suporá o 100% da nota.

Os estudantes que non participen na AC nin na AG, figurarán nas actas como **non presentados**.

Recoméndase ao alumnado ter en conta o Título VII (Do uso de medios ilícitos), do Regulamento sobre a Avaliación, a cualificación e a calidade da docencia e do proceso de aprendizaxe do estudiantado (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/normativa/documento/downloadbyhash/4904ced4d24eb81fe5715ddde2c48c59c0a7c4d624cd0e7491df7a753985ccfa>)

As datas e horas das probas de AG (de primeira e segunda oportunidade) son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Comisión Académica do Master (CAM) para o presente curso. En caso de conflito ou disparidade entre as datas de exames, prevalecerán as publicadas na web do Master: www.mbadeporte.es

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Beech, J. e Chadwick, S. (eds.), **The business of sport management**, 2ª edición, Pearson Education Limited, 2013

Hamil, S. e Chadwick, S. (eds.), **Managing football: an international perspective**, Elsevier, 2010

Parkhouse, B.L. (ed.), **The Management of sport : its foundation and application**, 4ª edición, McGraw-Hill, 2009

Recomendacións